

TRIBUNAL CUALIFICADOR PROCESO SELECTIVO XERENCIA

ACTA Nº1

Lugar , data e hora: Sala de reunións de INCOLSA. Mércores 11 de maio de 2016.
17.30 horas.

Asisten:

Presidente: D. Francisco Javier Castiñeira Izquierdo

Representante Asociación de Hostelería: D. Ramón García Seara

Representante Cámara de Comercio: D. Fernando Barros Fornos

Representante Cetur: D. Miguel Pazos Otón

Representante Axencia de Turismo de Galicia: D^a Elena Barca Ramos

Representante sindical do persoal de INCOLSA: D^a Áurea M^a Prieto Pérez

Secretario: D^a Rocío Montañés Fernández

Orde do día:

1. Constitución do Tribunal.

Constitúese o Tribunal coa presenza de todos os seus membros.
Antes de abordar o seguinte punto da orde do día, toma a palabra o sr. Presidente para informar aos membros do tribunal do contido da resolución do Presidente do Consello de Administración de INCOLSA de data 10 de maio ao respecto da recusación formalizada contra a Asociación de Hostelería de Santiago.

2. Primeira fase do proceso selectivo.

Procedo eu Secretaria á lectura das bases no seu artigo relativo as fases da selección (artigo 10), para posteriormente dar conta dos seis candidatos admitidos segundo consta na resolución publicada ao efecto.

Comenza o Tribunal á realización da análise dos *currícula* presentados, atendendo ao orde de entrada no Rexistro, ao obxecto de facer a valoración que establece o punto 10.1 das Bases.

Sendo as 21.30 horas sen que o Tribunal remate a valoración, acórdase levantar a sesión dando continuidade á mesma o vindeiro xoves 19 de maio ás 15.30 horas.

Eu como secretaria dou fe.

